

**MANUAL DE INSTRUCCIÓN**  
**para as persoas que**  
**INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS**



**ELECCIÓN 2024**  
**PARLAMENTO DE**  
**GALICIA**

# Índice

<b>INTRODUCCIÓN</b>	<b>4</b>
<b>AS MESAS ELECTORAIS E AS PERSOAS QUE AS INTEGRAN</b>	<b>5</b>
POR QUE SE DESIGNAN CIDADÁNS/ÁS COMO INTEGRANTES DAS MESAS	5
COMPOSICIÓN E FUNCIÓNS DAS MESAS ELECTORAIS	5
COMO SE DESIGNAN AS PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS	5
DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS	6

Funcións que deben desempeñar as  
**persoas que integran a mesa** durante a xornada electoral  
*—relación cronolóxica—*

<b>PRIMEIRA FASE: CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL</b>	<b>8</b>
<b>8:00 HORAS DA MAÑÁ</b>	<b>8</b>
1. REUNIÓN NO LOCAL ELECTORAL	8
2. COMPROBACIÓN DO MATERIAL ELECTORAL	9
3. COMPROBACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E IMPRESOS	10
4. COMPROBACIÓN DAS CONDICIÓNS DO LOCAL	15
5. RECEPCIÓN DAS CREDENCIAIS QUE PRESENTEN OS/AS INTERVENTORES/AS DAS CANDIDATURAS	15
<b>8:30 HORAS DA MAÑÁ</b>	<b>18</b>
1. CONFECCIÓN DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL	18

<b>SEGUNDA FASE: VOTACIÓN</b>	<b>19</b>
<b>9:00 HORAS DA MAÑÁ. COMEZO DA VOTACIÓN</b>	<b>19</b>
<b>DAS 9:00 ÁS 20:00 HORAS. DESENVOLVEMENTO DA VOTACIÓN</b>	<b>20</b>
<b>20:00 HORAS DA TARDE</b>	<b>26</b>
1. PECHE DA VOTACIÓN	26
2. VOTO DAS PERSOAS QUE INTEGRAN A MESA E DOS/DAS INTERVENTORES/AS	27
3. SINATURA DA LISTA NUMERADA DE VOTANTES	27
<b>TERCEIRA FASE: ESCRUTINIO</b>	<b>28</b>
1. ESCRUTAR AS PAPELETAS	28
2. ANUNCIAR O RESULTADO DA VOTACIÓN	29
3. CUBRIR A ACTA DE ESCRUTINIO	30
4. CUBRIR A ACTA DA SESIÓN	31
Fin das funcións da mesa	
<b>CUARTA FASE: PREPARACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN ELECTORAL</b>	<b>32</b>
1. ENTREGAR OS SOBRES 1 E 2 NO XULGADO DE PRIMEIRA INSTANCIA OU DE PAZ	32
2. ENTREGAR O SOBRE NÚMERO 3 AO/Á EMPREGADO/A DE CORREOS	33
<b>ORDE PÚBLICA</b>	<b>33</b>
<b>ANEXO I: XUNTAS ELECTORAIS E OFICINAS DO CENSO</b>	<b>35</b>
<b>RESUMO CRONOLÓXICO DA XORNADA ELECTORAL</b>	<b>36</b>
<b>ANEXO II: MEDIDAS PREVENTIVAS EN MATERIA DE SAÚDE PÚBLICA FRONTE AO COVID-19</b>	<b>37</b>
1. RECOMENDACIÓNS E MEDIDAS DE CARÁCTER XERAL	37
2. MEDIDAS ORGANIZATIVAS	38
3. MEDIDAS DE PROTECCIÓN COLECTIVA	39
4. MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL	39

# Introdución

Este manual vai dirixido ás persoas designadas por sorteo para formar parte dunha mesa electoral durante a celebración das eleccións ao Parlamento de Galicia 2024.

O manual foi supervisado pola Xunta Electoral Central e aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.

Léao detidamente con antelación suficiente á xornada electoral e así irase familiarizando co seu labor como persoa que integra unha mesa e poderá desempeñar con eficacia a función que lle foi asignada.

## AS MESAS ELECTORAIS E AS PERSOAS QUE AS INTEGRAN

### Por que se designan cidadáns/ás como integrantes das mesas

Ser integrante dunha mesa electoral é un deber cívico ineludible. A súa función é indispensable para a realización do proceso electoral.

A Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), establece que as mesas electorais integran a Administración electoral, xunto coa Xunta Electoral Central, de Galicia, Provincial e de Zona. A Administración electoral ten por finalidade garantir a transparencia e obxectividade do proceso electoral e o principio de igualdade.

No seu Acordo do 7 de xuño de 1995, a Xunta Electoral Central destacou que «como parte da Administración electoral, corresponde ás mesas a presidencia do acto de votación, o control do desenvolvemento da votación e a realización do recuento ou escrutinio consonte a Constitución e a lei, misión transcendental que se lles atribúe aos cidadáns designados por sorteo».

### Composición e funcións das mesas electorais

Cada mesa está composta por tres integrantes: un/unha presidente/a e dous/dúas vogais. Pola súa vez, cada un/unha deles/as terá asignados dous suplentes, que tamén se deberán presentar no local electoral pero que, en caso de que se presenten os/as titulares, poderán marchar.

Así mesmo, poden concorrer por cada mesa electoral dous interventores/as por candidatura. Estes/as poden substituírse libremente entre si pero, en cada momento, só pode actuar un/unha interventor/a por candidatura. Os/As interventores/as asisten ás mesas electorais no exercicio das súas funcións e participan nas súas deliberacións con voz pero sen voto. En ausencia do/da interventor/a, pode realizar as súas funcións un/unha apoderado/a da súa mesma candidatura.

Como parte da Administración electoral, corresponde á mesa electoral a presidencia do acto de votación, o control do desenvolvemento da votación e a realización do recuento de votos unha vez finalizada a votación.

O/A presidente/a da mesa ten, dentro do local electoral, autoridade exclusiva para conservar a orde, asegurar a liberdade dos electores e manter a observancia da lei. O/a presidente/a da mesa vela porque a entrada ao local se conserve sempre libre e accesible para as persoas que teñen dereito a entrar nel.

### Como se designan as persoas que integran as mesas electorais

As persoas que integran as mesas electorais son elixidas por sorteo público realizado nos respectivos concellos entre as persoas censadas en cada sección electoral que sexan menores de setenta anos e que saiban ler e escribir, ben que a partir dos sesenta e cinco anos poderán manifestar a súa renuncia no prazo de sete días.

Para cada mesa electoral elixense:

- Un/Unha presidente/a de mesa e os seus dous suplentes (primeiro suplente e segundo suplente).
- Dous vogais e os seus dous respectivos suplentes (primeiro suplente de vogal e segundo suplente de vogal).

No caso do sorteo para elixir presidente/a de mesa electoral, exíxese que esas persoas teñan o título de bacharel ou o de formación profesional de segundo grao ou, subsidiariamente, o de graduado escolar ou equivalente.

Unha vez realizado o sorteo, a designación como presidente/a e vogal das mesas notifícaselles aos/ás interesados/as no prazo de tres días. Coa notificación entrégase este manual para as persoas que integran as mesas electorais.

Aqueles que fosen designados persoas que integran as mesas electorais (tanto titulares como suplentes) dispoñen dun prazo de sete días, desde a notificación, para alegaren, ante a Xunta Electoral de Zona que corresponda, causa xustificada e documentada que, ao seu entender, lles impida a aceptación do cargo.

No prazo de cinco días desde a presentación das alegacións por parte dos/das interesados/as, a Xunta Electoral de Zona resolverá, de xeito definitivo, é dicir, sen recurso ulterior.

Se a Xunta Electoral de Zona considera que a causa alegada é xustificada, comunicará a substitución ao/á primeiro/a suplente.

## Dereitos e obrigas das persoas que integran as mesas

Todas as persoas que integran as mesas electorais teñen a obriga de presentarse no local electoral no momento de constitución da mesa, ben que os/as suplentes poderán marchar unha vez que se presenten os/as titulares. A mesa deberá contar en todo momento coa presenza de, polo menos, dous dos seus integrantes.

As persoas que integran as mesas electorais, así como os/as suplentes que exerzan como titulares, teñen dereito:

- **Á cobertura de riscos polo sistema da Seguridade Social.** As persoas que integran as mesas electorais consideraranse, durante o exercicio da súa función, como asimilados aos/ás traballadores/as por conta allea do réxime xeral da Seguridade Social para a continxencia de accidentes de traballo.
- **Ao permiso retribuído.** Os/As traballadores/as por conta allea e o persoal ao servizo das administracións públicas nomeados presidente/a ou vogal das mesas electorais teñen dereito a un permiso retribuído durante o día de votación, se é laborable. En todo caso, teñen dereito a unha redución da súa xornada de traballo de cinco horas o día inmediatamente posterior.

- **Á percepción dunha indemnización.** Os/As presidentes/as, vogais e suplentes que exerzan como titulares terán dereito a unha indemnización por importe de 70,00 euros, que lles será aboada mediante unha transferencia bancaria tras a xornada electoral. Para completar a información necesaria para recibir a transferencia (datos persoais e bancarios), deberán cubrir os seus datos utilizando a aplicación informática accesible a través da páxina web <https://www.elecciones-galicia2024.gal/integrantemesa>, que estará dispoñible ata as 23:59 horas do día 17 de febreiro. Alternativamente, se pasada esa data non se cubriron os datos a través desta aplicación, o día da votación deberánlle solicitar ao representante da Administración un modelo, en formato papel, para cubrir os datos necesarios para recibir o pagamento da indemnización, e devolverllo cuberto e asinado ao representante da Administración, que será o encargado de facelo chegar ao órgano correspondente. No caso das persoas que integran a mesa que si cubriren os datos, na xornada electoral o representante da Administración confirmará os datos das persoas que efectivamente desempeñasen os cargos de presidente e vogais, e xestionará as incidencias que se poidan producir.
- **Á indemnización por desprazamento.** Aboaráselle ao/á presidente/a da mesa electoral a cantidade de 8 euros, en concepto de indemnización por desprazamento, para efectuar a entrega dos sobres da documentación electoral ao Xulgado de Primeira Instancia e/ou de Paz.

Os/As presidentes/as, vogais e interventores/as das mesas electorais e os/as correspondentes suplentes teñen a consideración de funcionarios/as públicos/as. Ningunha autoridade pode deter os/as presidentes/as, vogais e interventores/as das mesas durante as horas da elección en que deban desempeñar as súas funcións, salvo en caso de flagrante delito.

**Os cargos de presidente/a e vogal das mesas electorais son obrigatorios**, de maneira que se considera delito electoral (artigo 143 da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral) que os/as cidadáns/ás que foron designados/as como integrantes da mesa non se presenten o día das eleccións para cumprir con este deber. Para estes efectos, o/a presidente/a, os/as vogais das mesas electorais, así como os seus respectivos suplentes, que deixen de concorrer ou desempeñar as súas funcións, as abandonen sen causa lexítima ou incumpran sen causa xustificada as obrigas de escusa ou aviso previo que lles impón esta lei incorrerán na pena de prisión de tres meses a un ano ou en multa de seis a vinte e catro meses.

## Funcións que deben desempeñar as persoas que integran a mesa durante a xornada electoral –*Relación cronolóxica*–

### PRIMEIRA FASE: CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL

#### 8:00 HORAS DA MAÑÁ



1. Reunión no local electoral
2. Comprobación de urnas, cabinas, sobres e papeletas
3. Comprobación de documentación e impresos
4. Comprobación das condicións do local

Reunión no local electoral, comprobación do material electoral e das condicións do local e toma de posesión do cargo dos/das interventores/as.

#### 1. Reunión no local electoral

Ás 8:00 horas da mañá do día da votación deben reunirse o/a presidente/a, os/as vogais de cada mesa electoral e os/as respectivos/as suplentes no local electoral indicado no impreso en que se lles notifica a súa designación como integrantes da mesa.

A mesa electoral debe estar composta necesariamente por tres persoas: un/unha presidente/a e dous/dúas vogais.

Cada un/a deles/as ten designados/as dous suplentes que tamén se deberán presentar no local electoral pero que, en caso de que os/as titulares se presenten, poderán marchar, unha vez asinen na lista dos membros da mesa, co obxecto de acreditar a asistencia das persoas designadas como suplentes, segundo o indicado pola Xunta Electoral Central nos seus acordos do 18 de marzo de 2021 e do 5 de maio de 2022.

Se o/a presidente/a non se presentou, *substituirano as seguintes persoas* por esta orde:

- O/a primeiro/a suplente do/da presidente/a.
- Se tampouco está presente o/a primeiro/a suplente, o/a segundo/a suplente do presidente.
- Se non está ningún/ningunha dos/das dous/dúas suplentes, actuará como presidente/a o/a primeiro/a vogal.
- Se non está o/a primeiro/a vogal, actuará de presidente/a o/a segundo/a vogal.

Se os/as vogais non se presentaron no local electoral ou teñen que substituír o/a presidente/a:

- Substituiranos os/as seus/súas respectivos/as suplentes.



Se, a pesar de todo o sinalado anteriormente, non se pode constituír a mesa por faltar un/unha presidente/a e dous/dúas vogais:

- As persoas que integran a mesa presentes, os/as suplentes que acudisen ou, na súa falta, a autoridade governativa deben:
  - Comunicar o ocorrido á Xunta Electoral de Zona por teléfono ou mediante correo electrónico.
  - Enviar tamén por correo certificado unha declaración por escrito á Xunta Electoral de Zona onde expliquen o ocorrido.
- Se as persoas presentes que integran a mesa non o comunicasen á Xunta Electoral de Zona, deberá facelo a autoridade governativa.

Neste caso, a **Xunta Electoral de Zona designará libremente** as persoas que deberán constituír a mesa electoral e pode ordenar que forme parte dela algún/algunha dos/das electores/as que se encontren no local en número necesario para a súa constitución.

**Se, a pesar de actuar como se sinalou, non se pode constituír a mesa antes das 10:00 horas, as persoas que integran a mesa presentes, os/as suplentes que acudisen ou, na súa falta, a autoridade governativa comunicarán esta circunstancia á Xunta Electoral de Zona, que convocará unha nova votación na mesa** dentro dos dous días seguintes. A nova convocatoria fixarase na porta do local electoral e a Xunta Electoral de Zona procederá ao nomeamento dos/das integrantes da nova mesa.

## **2. Comprobación do material electoral**

Unha vez constituída a mesa cun/cunha presidente/a e dous/dúas vogais, cómpre comprobar que dispón dos **seguintes elementos**:

- 2.1. URNA ELECTORAL. **A urna debe estar pechada e precintada.** En caso de rotura ou deterioración do precinto, o/a presidente/a da mesa, se non puiden obter oportunamente outra urna da Xunta Electoral de Zona, deberá asegurar o peche da urna mediante a utilización de calquera elemento que teña ao seu alcance. O peche e o precinto das urnas garanten que non poidan ser manipuladas.
- 2.2. CABINA DE VOTACIÓN. Deberase situar no mesmo cuarto ou local onde se desenvolve a votación e nun lugar intermedio entre a entrada e a mesa electoral.
- 2.3. SOBRES E PAPELETAS. Durante a xornada e mentres dure a votación, debe haber un número suficiente de sobres e papeletas de todas e cada unha das candidaturas (partidos políticos, coalicións, etc.) que se presentan á elección, para que os/as electores/as poidan escoller as da súa preferencia. As papeletas situaranse nos clasificadores da cabina ou preto desta (mesa auxiliar).

Se nalgún momento falta algún dos elementos mencionados (urna, cabina, sobres e papeletas), o/a presidente/a debe comunicarllo inmediatamente á Xunta Electoral de Zona para que proceda á súa subministración.

### 3. Comprobación de documentación e impresos

A mesa debe contar coa seguinte documentación necesaria para as súas funcións:

#### 1) LISTAS EN PAPEL DO CENSO ELECTORAL CORRESPONDENTE Á MESA.

- *A mesa contará cun exemplar certificado da lista do censo electoral que lle corresponde, para que as persoas que a integran poidan comprobar que cada votante figura inscrito no censo. Ao finalizar a xornada, este exemplar incluírase obrigatoriamente no sobre nº 1 que debe preparar a mesa ao final da xornada.*

*Contará ademais cunha lista das rúas da sección electoral a que pertence a mesa e co rango alfabético de iniciais do primeiro apelido dos/das electores/las que contén, para a súa exposición pública no local electoral.*

*Se nas listas do censo hai persoas que solicitaron votar por correo, diante dos apelidos e nome haberá unha indicación (un "C"). Se acoden a votar presencialmente, a Mesa non lles permitirá facelo.*

- *Así mesmo, no caso de que se producisen altas ou baixas de última hora nas listas do censo correspondente á mesa ou, de ser o caso, modificacións nos electores que vaian votar por correo, a mesa encontrará, entre a documentación electoral, apéndices en papel con esta información (altas, baixas e novos votantes por correo).*
- *Segundo o Acordo da Xunta Electoral Central do 8 de xuño de 2015, sobre o uso das listas do censo electoral polos apoderados e interventores, "desde que comeza a xornada electoral e ata que esta finalice, as listas do censo electoral proporcionadas aos/las representantes das candidaturas deberán permanecer dentro do recinto do colexio electoral. As representacións das candidaturas, unha vez concluída a xornada electoral, poderanas levar consigo, sen que de ningún xeito se poida deducir que iso reduce o seu compromiso de utilizalas para os fins específicos permitidos na lexislación electoral".*

#### 2) MODELOS OFICIAIS DE ACTAS. Ten que haber impresos con modelos das seguintes actas:

- *Acta de constitución da mesa: é o documento en que se deixa constancia da constitución da mesa. Na páxina 19 do presente manual recóllese un modelo de acta.*
- *Acta de escrutinio da mesa: é o documento en que se deixa constancia do resultado da votación. Na páxina 32 do presente manual recóllese un modelo de acta.*
- *Acta de sesión da mesa: é o documento en que se deixa constancia de todas as incidencias ocorridas durante a xornada electoral. Na páxina 33 do presente manual recóllese un modelo de acta.*

#### 3) LISTA NUMERADA DE VOTANTES. A mesa anotará nela o nome e os apelidos de cada votante.

**ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024**  
**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

**LISTA NUMERADA DE VOTANTES**

Relación numerada e formalizada dos/as elector/es/as que, nas eleccións ao Parlamento de Galicia 2024 realizadas no día de hoxe, emitiron o seu voto, con expresión da orde na que o fixeron e do número co que cada un/unha figura inscrito/a no censo electoral.

*Relación numerada e formalizada de los/as elector/es/as que, en las Elecciones al Parlamento de Galicia 2024 celebradas en el día de hoy han emitido su voto, con expresión del orden en que lo hicieron y del número con que cada uno/a figura inscrito/a en el Censo Electoral.*

De \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de 2024

NOTA: Responsabilízase o/a elector/a de que o/a elector/a que figura no censo electoral é o/a mesmo que o/a que figura no padrón municipal correspondente no día das eleccións e que non é maior de idade, está en posesión dos seus dereitos políticos e que non é o/a representante doutro partido político nin o/a candidato/a de ningún partido político. *(NOTE: Significa responsable el elector de que el elector que figura en el censo electoral es el mismo que el que figura en el padrón municipal correspondiente en el día de las elecciones y que no es mayor de edad, está en posesión de sus derechos políticos y que no es representante de otro partido político ni candidato de ningún partido político.)*

DPO 1.6.4

**ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024**  
**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

Identificación electoral do elector/a	Número	Voto	Elector	Mesa
Identificación electoral N.º de D.N.I. / Número de identificación electoral N.º de C.I.F. / Número de identificación electoral N.º de I.D.M. / Número de identificación electoral N.º de I.D. / Número de identificación electoral				
Nome e apelidos do elector/a Nombre y apellidos del elector/a				

\* En caso de error o faltar a algun/a elector/a, debe marcarse mediante un símbolo convencionalmente entendido (suficiente de "X", "N" ou outro símbolo) sobre "IDENTIFICACIÓN ELECTORAL" ou "VOTO".  
\* En caso de error o faltar a algun/a elector/a, debe marcarse mediante un símbolo convencionalmente entendido (suficiente de "X", "N" ou outro símbolo) sobre "IDENTIFICACIÓN ELECTORAL" ou "VOTO".

DPO 1.6.4

MODELO DE LISTA NUMERADA DE VOTANTES

**4) CERTIFICADOS DE VOTACIÓN.** Os certificados de votación son modelos de impresos para entregar aos/ás votantes que o soliciten.

**ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024**  
**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

O/a elector/a ..... emitiu o seu voto nas eleccións ao Parlamento de Galicia 2024

*El/la elector/a ..... emitió su voto en las elecciones al Parlamento de Galicia 2024*

O/a presidente/a / *El/la presidente/a*

---

O/a elector/a ..... compareceu nesta mesa electoral para emitir o seu voto nas eleccións ao Parlamento de Galicia 2024, sen que se lle puidese aceptar por:

*El/la elector/a ..... compareció en esta mesa electoral para emitir su voto en las elecciones al Parlamento de Galicia 2024 sin que se le pudiese aceptar por:*

(*)	non figurar inscrito no censo <i>no figurar inscrito en el censo</i>
	non xustificar suficientemente a súa identidade <i>no justificar suficientemente su identidad</i>
	suspensión da votación <i>suspensión de la votación</i>
	non constitución da mesa <i>no constitución de la mesa</i>

(\*) Sinéñase cunha cruz (x) ou que proceda / Señállese con una cruz (x) o que proceda O/a presidente/a / *El/la presidente/a*

**5) COPIA DOS NOMEAMENTOS (CREDENCIAIS) DOS/DAS INTERVENTORES/AS QUE ACTÚEN ANTE A MESA** (sobre a figura do/da interventor/a e o/a apoderado/a, consulte as páxinas 16 a 18 do presente manual).

- As credenciais son** os documentos en que os/as representantes das diferentes candidaturas nomean unha determinada persoa interventora desa candidatura.

- Os talóns son copias dese nomeamento.
- As súas copias incluíranse no sobre nº 1 que preparará a mesa ao final da xornada.

ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024			
XUNTA ELECTORAL DE ZONA DE JUNTA ELECTORAL DE ZONA DE			
		Acreditado CREDENCIAL NOMEAMENTO INTERVENTOR/A CREDENCIAL NOMBRAMIENTO INTERVENTOR/A Data de emisión / Fecha de Emisión	
DATOS DA PERSOAL PROPOSTA / DATOS DE LA PERSONA PROPOSTA			
1º Apelido / 1º Apellido		2º Apelido / 2º Apellido	
Nome / Nombre		DNI N° / D.N.I.	
Profesión		Idade / Edad	
Eidado / Domicilio		N° / Núm.	Andar / Piso
Concello / Municipio		C / P / C.P.	Provincia
Indicar se se é elector/a / Indicar si es elector/a		Distrito / Sección	Mesa
DATOS DO/A REPRESENTANTE / DATOS DEL/DE LA REPRESENTANTE			
1º Apelido / 1º Apellido		2º Apelido / 2º Apellido	
Nome / Nombre		DNI N° / D.N.I.	
Profesión		Idade / Edad	
Eidado / Domicilio		N° / Núm.	Andar / Piso
Concello / Municipio		C / P / C.P.	Provincia
Representante da lista presentada por / Representante de la lista presentada por:			
De acordo co artigo 33 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e para os efectos do indicado nela, nomeo interventor/a da mesa electoral nº ..... da sección ..... do distrito ..... do Concello de arriba indicada.		De acuerdo con el artículo 33 de la Ley 8/1985, de 13 de agosto, de elecciones al Parlamento de Galicia, y a los efectos de lo indicado en ella, nombro interventor/a de la mesa electoral n.º ..... de la Sección ..... del Distrito ..... del Municipio a la persona arriba indicada.	
En ..... de ..... de ..... de 2024			
O/A REPRESENTANTE EL/LA REPRESENTANTE			
Si/a presidente/a da mesa electoral nº ..... / Si/a Presidente/a de la mesa electoral n.º ..... sección ..... distrito ..... Concello / Municipio .....			

EPG 6.1.c

MODELO DE TALÓN DE CREDENCIAL DE INTERVENTOR/A

6) COPIA DOS NOMEAMENTOS (CREDENCIAIS) DOS/DAS ELECTORES/AS INSCRITOS NO CENSO DA MESA QUE ACTÚEN COMO INTERVENTORES/AS NOUTRA MESA DISTINTA, de darse este caso.

Os/as interventores/as votan na mesa ante a cal están acreditados, sempre que figuren inscritos/as na circunscrición electoral correspondente a esa mesa.

Se non figuran inscritos/as na circunscrición electoral correspondente á mesa en que van desempeñar as súas funcións, non poden votar nesa mesa, senón mediante o voto por correo dirixido á mesa en que figuren inscritos.

Ninguén pode votar máis dunha vez e constituirá delicto electoral votar dúas ou máis veces na mesma elección.

**7) UN XOGO DE TRES SOBRES NUMERADOS (COS NÚMEROS 1, 2 E 3) E RECIBOS DA ENTREGA DESTES.**

Existirá un xogo de tres sobres e os recibos de entrega correspondentes. Estes recibos teñen a finalidade de que a mesa poida xustificar que se realizou a entrega da documentación ao finalizar a xornada electoral.

ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024		SOBRE Nº 1		
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL	CONCELLO MUNICIPIO	DISTRITO CENSUAL DISTRITO CENSAL	SECCIÓN	MESA
<p>Si/Da, Xa/da ..... de .....                  O/a presidente/a, vogal e interventores/a da referida mesa electoral,  <b>CERTIFICAN:</b>                  Que este sobre contén os seguintes documentos electorais:</p>				
<p><b>ORIGINAL DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL.</b>  <b>ORIGINAL DA ACTA DA SESIÓN COS DOCUMENTOS ELECTORAIS A QUE SE FAGA REFERENCIA:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lista numerada de votantes</li> <li>- Papeletas de votación reservadas (por seren nulas ou ter sido obxecto de reclamación)</li> <li>- Lista de censo electoral empregada</li> <li>- Certificacións censuais entregadas</li> <li>- Copias das credenzais dos interventores ou ordenais se non se reciben as copias</li> </ul>		<p>Si/Da, Xa/da ..... de .....                  É/Es presidente/a, vogal e interventores/a da referida mesa electoral,  <b>CERTIFICAN:</b>                  Que este sobre contén os seguintes documentos electorais:</p> <p><b>ORIGINAL DEL ACTA DE CONSTITUCIÓN DE LA MESA ELECTORAL.</b>  <b>ORIGINAL DEL ACTA DE LA SESIÓN CON LOS DOCUMENTOS ELECTORALES A QUE SE HAGA REFERENCIA.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lista numerada de votantes</li> <li>- Papeletas de votación reservadas (por ser nulas o haber sido obxecto de reclamación)</li> <li>- Lista del censo electoral utilizado</li> <li>- Certificacións censuais aportadas</li> <li>- Copias de las credenzais de los interventores u ordenais si no se reciben las copias</li> </ul>		

**MODELO DE SOBRE NÚM. 1**

ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024		SOBRE Nº 2		
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL	CONCELLO MUNICIPIO	DISTRITO CENSUAL DISTRITO CENSAL	SECCIÓN	MESA
<p>Si/Da, Xa/da ..... de .....                  O/a presidente/a, vogal e interventores/a da referida mesa electoral,  <b>CERTIFICAN:</b>                  Que este sobre contén os seguintes documentos electorais:</p>				
<p><b>COPIA LITERAL DA ACTA DE CONSTITUCIÓN DA MESA ELECTORAL.</b>  <b>COPIA LITERAL DA ACTA DA SESIÓN</b></p>		<p>Si/Da, Xa/da ..... de .....                  O/a presidente/a, vogal e interventores/a da referida mesa electoral,  <b>CERTIFICAN:</b>                  Que este sobre contén os seguintes documentos electorais:</p> <p><b>COPIA LITERAL DEL ACTA DE CONSTITUCIÓN DE LA MESA ELECTORAL.</b>  <b>COPIA LITERAL DEL ACTA DE LA SESIÓN</b></p>		

ELECCIÓNS AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024 ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024		SOBRE Nº 3		
CIRCUNSCRICIÓN ELECTORAL CIRCUNSCRIPCIÓN ELECTORAL	CONCELLO MUNICIPIO	DISTRITO CENSUAL DISTRITO CENSAL	SECCIÓN	MESA
<p>Si/Da, Xa/da ..... de .....                  O/a presidente/a, vogal e interventores/a da referida mesa electoral,  <b>CERTIFICAN:</b>                  Que este sobre contén os seguintes documentos electorais:</p>				
<p><b>COPIA LITERAL DA ACTA 2), 3) E 4) DO ORIGINAL DA MESA ELECTORAL.</b>  <b>COPIA LITERAL DA ACTA 2), 3) E 4) DA SESIÓN</b></p>		<p>Si/Da, Xa/da ..... de .....                  O/a presidente/a, vogal e interventores/a da referida mesa electoral,  <b>CERTIFICAN:</b>                  Que este sobre contén os seguintes documentos electorais:</p> <p><b>COPIA LITERAL DEL ACTA 2), 3) Y 4) DEL ORIGINAL DE LA MESA ELECTORAL.</b>  <b>COPIA LITERAL DEL ACTA 2), 3) Y 4) DE LA SESIÓN</b></p>		

**MODELO DE SOBRE NÚM. 2 E 3**

Conceito/División/ Concepción/División	Comarca/ Comarca	Distrito electoral/ Distrito Electoral	Sección/ Sección	Mesas
<p><b>ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024</b> <b>ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024</b></p> <p>Ao ..... hora do día da data recibín da mesa electoral antes citada dous sobres pechados, no exterior dos cales as organizacións de mesas indicadas certifícan que constan:</p> <p>A las ..... hora del día de la fecha, he recibido de la mesa electoral antes mencionada dos sobres cerrados, en cuyo exterior las organizaciones de la mesa indicada certifican que constan:</p>				
<p><b>SOBRE Nº 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Orixinal do acta de constitución da mesa electoral.</li> <li>- Orixinal do acta de sesión, cos documentos electorais aos que se faiago referencial.</li> <li>- Lista numerada de votantes.</li> <li>- Papeletas de votación reservadas (por respecto do coidado no seu uso obxectivo de reunión).</li> <li>- Lista do censo electoral empregado.</li> <li>- Certificacións censuais adxuntas.</li> </ul>		<p><b>SOBRE Nº 1</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Orixinal do Acta de constitución de la mesa electoral.</li> <li>- Orixinal do Acta de la sesión con los documentos electorales a los que se haga referencial.</li> <li>- Lista numerada de votantes.</li> <li>- Papeletas de votación reservadas (por respeto al cuidado de hacer más obvio de reunión).</li> <li>- Lista del Censo Electoral utilizado.</li> <li>- Certificacións censuais adxuntas.</li> </ul>		
<p><b>SOBRE Nº 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Copia literal do acta de constitución da mesa.</li> <li>- Copia literal do acta de sesión.</li> </ul>		<p><b>SOBRE Nº 2</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Copia literal del Acta de constitución de la Mesa.</li> <li>- Copia literal del Acta de la sesión.</li> </ul>		
<p>Que fosen enviados todos os sobres na forma indicada no artigo 105.A da xunta Lei orgánica do réxime electoral xeral.</p> <p>Que fuesen enviados todos los sobres en la forma indicada en el artículo 105.A de la vigente Ley Orgánica del Régimen Electoral General.</p>				
<p>En ..... de ..... de 2024</p>				
<p>O/A XLEDA E/EA A/EEA</p>				

EPG 7.8

Conceito/División/ Concepción/División	Comarca/ Comarca	Distrito electoral/ Distrito Electoral	Sección/ Sección	Mesas
<p><b>ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024</b> <b>ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024</b></p> <p>Ao ..... hora do día da data recibín da mesa electoral antes citada un sobre pechado, no exterior do cal as organizacións de mesas indicadas certifícan que constan:</p> <p>A las ..... hora del día de la fecha, he recibido de la mesa electoral antes mencionada un sobre cerrado, en cuyo exterior las organizaciones de la mesa indicada certifican que constan:</p>				
<p><b>SOBRE Nº 3</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Copia literal do acta de constitución da mesa.</li> <li>- Copia literal do acta de sesión.</li> </ul>		<p><b>SOBRE Nº 3</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Copia literal del Acta de constitución de la mesa.</li> <li>- Copia literal del Acta de la sesión.</li> </ul>		
<p>Que fose enviado o sobre na forma indicada no artigo 105.A da xunta Lei orgánica do réxime electoral xeral.</p> <p>Que fue enviado el sobre en la forma indicada en el artículo 105.A de la vigente Ley Orgánica del Régimen Electoral General.</p>				
<p>En ..... de ..... de 2024</p>				
<p>O/A FUNCIONARIA DO SERVIZO DE CORREOS, E/EA FUNCIONARIA DEL SERVIDO DE CORREOS</p>				

EPG 7.9

MODELO DE RECIBOS DE ENTREGA DOS SOBRES

**Lembre:** se a mesa non dispón dalgún destes elementos, o/a presidente/a da mesa debe comunicarllo inmediatamente á Xunta Electoral de Zona, para que proceda ao seu envío.

8) LISTA VOTO ACCESIBLE daquelas persoas con discapacidade visual que coñezan o sistema de lectoescritura braille e teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento ou sexan afiliadas á Organización Nacional de Cegos Españoles, que comunicasen a súa intención de utilizar o procedemento de votación previsto no real decreto que regula un procedemento de voto accesible para este colectivo, e DOCUMENTACIÓN regulamentaria para a utilización dese sistema de votación, que se entregará aos/ás electores/as incluídos/as na lista (existirá unha carpeta ríxida coa dita documentación para cada un/unha dos/das electores/as que aparecen na lista).

**Lembre:** se a mesa non dispón dun número suficiente de carpetas para entregárlas ás persoas con discapacidade visual que o solicitasen de conformidade coa lista, deben comunicarllo antes do comezo da votación á Xunta Electoral de Zona.

## 4. Comprobación das condicións do local


O local electoral debe estar en condicións adecuadas para realizar a votación e estará perfectamente sinalizado no referente ás seccións e ás mesas.

Debe haber mesas e cadeiras suficientes para as persoas que integran a mesa electoral, luz apropiada, material de escritorio e letreiros de sinalización.

Nos casos en que persoas con discapacidade visual comunicasen a súa intención de acollerse ao procedemento de votación previsto no real decreto que regula un procedemento de voto accesible que facilita ás persoas con discapacidade visual o exercicio do dereito de sufraxio, o local electoral en que lles corresponde votar debe dispor dun espazo concreto, accesible e adecuado que garanta a privacidade do elector, que deberá estar o máis cerca posible da mesa en que lles corresponde exercer o seu dereito ao voto.

De se advertir algunha deficiencia, debe comunicarse inmediatamente á Xunta Electoral de Zona para que proceda a solucionarla.

## DAS 8:00 ÁS 8:30 HORAS DA MAÑÁ



### 1. Recepción das credenciais que presenten os/as interventores/as das candidaturas

## 1. Recepción das credenciais que presenten os/as interventores/as das candidaturas

Entre as 8:00 e as 8:30 horas, a mesa recibe os nomeamentos (credenciais) dos/das interventores/as das candidaturas que se presenten.

**As credenciais** son os documentos en que os/as representantes das diferentes candidaturas nomean unha determinada persoa interventora desa candidatura.

As credenciais numeraranse á medida que se vaian presentando, para ter constancia da orde de presentación.

Considéranse válidas as credenciais talonarias emitidas en papel autocopiativo, así como as emitidas en documentos individuais idénticos, editadas mediante sistemas informáticos e debidamente seladas polas Xuntas Electorais de Zona.

O/A presidente/a da mesa comparará os nomeamentos coas copias que deben figurar entre a documentación da mesa e comprobará que coinciden. Nese caso:

- Indicaráselle ao/á interventor/a que queda recoñecido/a pola mesa.
- Incluirase o seu nome na acta de constitución da mesa, na epígrafe correspondente (lista de interventores/as admitidos pola mesa).

- Devolveránselles os nomeamentos (credenciais), excepto se non se recibisen as copias. Neste caso conservaranse para xuntalos ao expediente electoral e incluíranse no sobre nº 1 ao final da xornada electoral.

Só poden actuar ante a mesa un **máximo de 2 interventores/as por cada candidatura**. De se presentaren máis de 2 interventores/as dunha mesma candidatura, o/a presidente/a outorgará posesión do cargo aos/ás que primeiro presentasen as credenciais.

#### PROBLEMAS QUE SE PODEN PRESENTAR E ACCIÓNS QUE SE LEVARÁN A CABO:

- Que a mesa non recibise as copias do nomeamento.
- Que se dubide da autenticidade das credenciais.
- Que se dubide da identidade das persoas que se presentan como interventoras.

Nestes casos, o presidente ou a presidenta deberán facer o seguinte:

1. Outorgar posesión do cargo aos/as interventores/as, se así o exigen.
2. Consignar estas circunstancias na acta de constitución da mesa, para a súa aclaración posterior.

#### ASÍ MESMO, PODE OCORRER O SEGUINTE:

- Que non se recibisen os talóns; neste caso uníranse as credenciais ao expediente electoral e incluíranse no sobre número 1 ao final da xornada electoral.
- Que **os/as interventores/as se presenten á mesa despois das 8:30 horas**, unha vez confeccionada a acta de constitución, caso en que non se lles outorgará posesión do seu cargo pero si poderán votar na mesa.

#### Interventores/as

- Cada candidatura pode nomear dous/dúas interventores/as por cada mesa. Desempeñan a súa función só na mesa ante a cal están acreditados/as.
- Poden formular reclamacións e protestas e pedir certificacións.
- *Os interventores e as interventoras que figuren no censo doutra mesa da circunscrición electoral a que pertence a mesa en que están acreditados poderán votar nesta última (se non o fixeron por correo), aínda que non estean no censo. Non poderán facelo na mesa en cuxo censo estivesen inscritos. Ninguén pode votar máis dunha vez e constituirá delito electoral votar dúas ou máis veces na mesma elección.*



- Un/Unha interventor/a de cada candidatura pode asistir á mesa e participar nas súas deliberacións con voz pero sen voto. Para estes efectos, os/as interventores/as de cada candidatura acreditados/as ante a mesa poden substituírse entre si.
- De se presentaren na mesa despois de estar confeccionada a acta de constitución, poderán votar na mesa pero non formar parte dela.
- En relación cos emblemas ou adhesivos que porten os interventores e apoderados, o Acordo da Xunta Electoral Central, do 15 de xuño de 2016, determina que *o artigo 93 da LOREX establece que nin nos locais electorais nin nos seus arredores se poderá realizar propaganda electoral de ningún xénero. A identificación discreta dos apoderados e interventores das formacións políticas constitúe unha excepción ao artigo 93 pero, nesa excepción, non cabe abeirar o dereito a que as formacións políticas deseñen un uniforme ou vestimenta específica para os seus apoderados ou interventores, dado o sesgo propagandístico que esa uniformidade colectiva comporta.*

### Apoderados/as

- Representan a candidatura nos actos e nas operacións electorais, poden acceder libremente a todos os locais electorais, examinar o desenvolvemento da votación e do escrutinio en calquera mesa, formular reclamacións e protestas e pedir certificacións.
- Se non hai interventores/as da súa candidatura, poden actuar como tales ante a mesa, participando nas súas deliberacións con voz e sen voto.
- Deben identificarse exhibindo as súas credenciais e o seu documento nacional de identidade ás persoas que integran a mesa.
- Non votan na mesa se non figuran no censo desta.

### Interventores/as e apoderados/as

- Poden solicitar certificacións.
- Poden anotar, se o desexan, nunha lista numerada de electores/as, o nome e o número de orde en que se emiten os seus votos.
- Poden reclamar sobre a identidade dun/dunha elector/a, o cal deberán realizar publicamente.
- Poden pedir, durante o escrutinio, a papeleta lida polo/pola presidente/a, para o seu exame.
- Poden formular protestas e reclamacións e teñen dereito a facelas constar na acta de sesión.
- Poden levar emblemas ou adhesivos da entidade política que representan, pero só para se identificaren como interventores/as ou apoderados/as desa candidatura e sen que iso constitúa propaganda electoral.

**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**  
**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

UNTA ELECTORAL DE ZONA DE \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_

Comisión Intermedia / Comisión Intermedia

Cargo: **CREDECIAL NOMEAMENTO INTERVENTORA**  
**CREDECIAL NOMEAMENTO INTERVENTORIA**

De: de elección / De: de elección

**DATOS DA PERSOAL PROPOSTA / DATOS DE LA PERSONA PROPOSTA**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

Indicador de afección / Indicador de afección: \_\_\_\_\_

**DATOS DA PERSOAL REPRESENTANTE / DATOS DE LA REPRESENTANTE**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

Nome/apellido da lista presentada por / Representante de la lista presentada por: \_\_\_\_\_

De acordo co artigo 33 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e para os efectos do indicado nela, nomeo interventora da mesa electoral n.º \_\_\_\_\_ da sección \_\_\_\_\_ do distrito \_\_\_\_\_ a persoa arriba indicada.

De acordo con el artículo 33 de la Ley 8/1985, de 13 de agosto, de elecciones al Parlamento de Galicia, y a los efectos de lo indicado en ella, nombro interventora de la mesa electoral n.º \_\_\_\_\_ de la Sección \_\_\_\_\_ del Distrito \_\_\_\_\_ a la persona arriba indicada.

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**QUI REPRESENTANTE,**  
**EL/LA REPRESENTANTE,**

Si/a presidenta da mesa electoral n.º \_\_\_\_\_ / Si/a Presidente de la mesa electoral n.º \_\_\_\_\_  
sección \_\_\_\_\_ distrito \_\_\_\_\_ Concello / Municipio \_\_\_\_\_

EP64.14

**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

UNTA ELECTORAL DE ZONA DE \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_

Comisión Intermedia / Comisión Intermedia

Cargo: **CREDECIAL NOMEAMENTO INTERVENTORA**  
**CREDECIAL NOMEAMENTO INTERVENTORIA**

De: de elección / De: de elección

**DATOS DA PERSOAL PROPOSTA / DATOS DE LA PERSONA PROPOSTA**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

Indicador de afección / Indicador de afección: \_\_\_\_\_

**DATOS DA PERSOAL REPRESENTANTE / DATOS DE LA REPRESENTANTE**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

Nome/apellido da lista presentada por / Representante de la lista presentada por: \_\_\_\_\_

De acordo co artigo 33 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, e para os efectos do indicado nela, nomeo interventora da mesa electoral n.º \_\_\_\_\_ da sección \_\_\_\_\_ do distrito \_\_\_\_\_ a persoa arriba indicada.

De acuerdo con el artículo 33 de la Ley 8/1985, de 13 de agosto, de elecciones al Parlamento de Galicia, y para los efectos de lo indicado en ella, nombro interventora de la mesa electoral n.º \_\_\_\_\_ de la Sección \_\_\_\_\_ del Distrito \_\_\_\_\_ a la persona arriba indicada.

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**QUI REPRESENTANTE,**  
**EL/LA REPRESENTANTE,**

Si/a D/Dña \_\_\_\_\_ / Si/a D/D.ª \_\_\_\_\_

EP64.13

MODELO DE CREDENCIAL DE NOMEAMENTO DE INTERVENTORA/W

**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**  
**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

UNTA ELECTORAL DE ZONA DE \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_

Comisión Intermedia / Comisión Intermedia

Cargo: **CREDECIAL NOMEAMENTO APODERADO**  
**CREDECIAL NOMEAMENTO APODERADOR/A**

De: de elección / De: de elección

**DATOS DA PERSOAL PROPOSTA / DATOS DE LA PERSONA PROPOSTA**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

**DATOS DA PERSOAL REPRESENTANTE / DATOS DE LA REPRESENTANTE**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

Nome/apellido da lista presentada por / Representante de la lista presentada por: \_\_\_\_\_

De acordo co artigo 35 da Lei 8/1985 do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, nomeo apoderado/a a persoa arriba indicada.

De acuerdo con el artículo 35 de la Ley 8/1985 de 13 de agosto, de elecciones al Parlamento de Galicia, nombro apoderado/a a la persona arriba indicada.

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**QUI REPRESENTANTE,**  
**EL/LA REPRESENTANTE,**

Si/a secretario/a da Junta Electoral \_\_\_\_\_ / Si/a Secretario/a de la Junta Electoral \_\_\_\_\_  
de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

EP64.13

**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**  
**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

UNTA ELECTORAL DE ZONA DE \_\_\_\_\_ DE \_\_\_\_\_

Comisión Intermedia / Comisión Intermedia

Cargo: **CREDECIAL NOMEAMENTO APODERADO**  
**CREDECIAL NOMEAMENTO APODERADOR/A**

De: de elección / De: de elección

**DATOS DA PERSOAL PROPOSTA / DATOS DE LA PERSONA PROPOSTA**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

**DATOS DA PERSOAL REPRESENTANTE / DATOS DE LA REPRESENTANTE**

2º Apellido / 2º Apellido

Nome / Nombre: \_\_\_\_\_ DNI/Nº / D.N.I.:

Profesión: \_\_\_\_\_ Idade / Edad: \_\_\_\_\_

Indicador / Indicador: \_\_\_\_\_ Nº / Núm: \_\_\_\_\_ Andar / Piso: \_\_\_\_\_

Concello / Municipio: \_\_\_\_\_ C.P./C.P. Provincia: \_\_\_\_\_

Nome/apellido da lista presentada por / Representante de la lista presentada por: \_\_\_\_\_

De acordo co artigo 35 da Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ao Parlamento de Galicia, nomeo apoderado/a a persoa arriba indicada.

De acuerdo con el artículo 35 de la Ley 8/1985 de 13 de agosto, de elecciones al Parlamento de Galicia, nombro apoderado/a a la persona arriba indicada.

En \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2024

**QUI SECRETARIO/A DA UNTA ELECTORAL,**  
**EL/LA SECRETARIO/A DE LA JUNTA ELECTORAL,**

Si/a D/Dña \_\_\_\_\_ / Si/a D/D.ª \_\_\_\_\_

EP64.13

MODELO DE CREDENCIAL DE NOMEAMENTO DE APODERADO /A



## SEGUNDA FASE: VOTACIÓN

### 9:00 HORAS DA MAÑÁ. Comezo da votación



Ás **9:00 horas** ábrese o colexio electoral e o/a presidente/a da mesa anuncia o comezo da votación coas seguintes palabras: “Comeza a votación”.

**Lembre:** se nalgún momento se observa algunha deficiencia ou falta algún dos elementos necesarios para a votación (urnas, cabinas, sobres, papeletas, documentación e impresos), debe comunicarllo inmediatamente á Xunta Electoral de Zona, para que proceda á súa subministración.

A mesa debe contar coa presenza de, **polo menos, 2 dos seus/súas integrantes** durante a xornada electoral.

Durante a xornada electoral, o/a presidente/a **debe facer gardar a orde no local electoral**, conforme o que se sinala ao final deste manual.

Teña en conta que é posible que a votación se **INTERROMPA OU SUSPENDA**, sempre baixo a responsabilidade do/da presidente/a da mesa.

A votación debe **INTERROMPERSE** cando a mesa advirta a ausencia de papeletas dalgunha candidatura e non poida cubrila mediante **papeletas subministradas polos interventores/as da correspondente candidatura**. Neste caso, o/a presidente/a da mesa comunicará por teléfono tal feito á Xunta Electoral de Zona que, inmediatamente, subministrará novas papeletas.

**A interrupción non pode durar máis dunha hora e a votación prorrogarse tanto tempo como estivese interrompida.**


A votación pode **SUSPENDERSE por interrupción superior a unha hora, ou ben por calquera motivo que faga imposible o acto da votación.**

O/A presidente/a da mesa, antes de tomar a decisión de suspender a votación, debe reunir o parecer de todas as persoas que integran a mesa e, se as circunstancias o permiten, debe consultar a Xunta Electoral de Zona.

Unha vez tomada a decisión de suspender a votación, que se reflectirá en escrito razoado, o/a presidente/a da mesa ordenará a destrución de todas as papeletas depositadas ata o momento na urna e enviará inmediatamente unha copia do citado escrito á Xunta Electoral Provincial, ben en man ou ben por correo certificado.

Despois de suspender a votación nunha mesa, a Xunta Electoral de Zona convocará novas eleccións nesa mesa dentro dos dous días seguintes.

## **DAS 9:00 ÁS 20:00 HORAS. Desenvolvemento da votación**



O/a representante da Administración debe presentarse ante o/a presidente/a da mesa ás 12:00 horas e ás 17:00 horas para solicitar o número de votantes ata ese momento.

Na emisión do voto seguiranse **os seguintes pasos**:

- 1) OS/AS ELECTORES/AS ACHEGARANSE Á MESA DE UN/UNHA EN UN/UNHA, despois de pasar, se así o desexan, pola cabina de votación.
- 2) O/A ELECTOR/A MANIFESTARÁ O SEU NOME E OS SEUS APELIDOS ao/á presidente/a.
- 3) COMPROBAR A IDENTIDADE DO ELECTOR/A: os/as vogais, e os/as interventores/as se o desexan, comprobarán a identidade do elector/a. Para iso, o/a elector/a deberá presentar algún dos seguintes documentos:

- Documento nacional de identidade (DNI). Non serve o xustificante do DNI en trámite, posto que nel non aparece a fotografía do/da elector/a.
- Pasaporte (con fotografía).
- Permiso (carné) de conducir (con fotografía), sendo tamén válida a súa presentación a través da aplicación "miDGT", da Dirección Xeral de Tráfico, segundo o Acordo do 16 de febreiro de 2023 da Xunta Electoral Central, no que declara que resulta un medio válido de acreditación da identidade, por tratarse dun documento oficial que inclúe a fotografía do votante (artigo 85 da LOREG).

### **ACEPTARASE A PRESENTACIÓN DESTES DOCUMENTOS AÍNDA QUE ESTEAN CADUCADOS, PERO DEBEN SER OS ORIXINAIS. NON SE ACEPTARÁN FOTOCOPIAS.**

Se a pesar da exhibición dalgún destes documentos aparecen dúbidas sobre a identidade do/da elector/a, a mesa, tendo en conta os documentos presentados e o testemuño que poidan presentar os/as electores/as presentes, decidirá por maioría. Estas circunstancias débense anotar na acta de sesión.

- 4) COMPROBAR QUE O/A ELECTOR/A ESTÁ INSCRITO/A NA LISTA DO CENSO ELECTORAL:

os/as vogais, e os/as interventores/as se o desexan, comprobarán que o/a elector/a figura inscrito/a na lista do censo electoral.

Se o elector/a non figura na lista do censo, só poderá votar na mesa:

- A. De tratarse dos interventores acreditados ante a mesa, sempre que estean inscritos nesa circunscrición.
- B. Se o votante presenta algún dos seguintes documentos:
  - a. Sentenza xudicial que recoñeza o seu dereito a estar inscrito no censo da mesa.

- b. Certificación censual específica, expedida pola Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral, que o habilite para facer efectivo o seu dereito ao voto nesa mesa.

A certificación censual específica é un medio polo cal o/a cidadán/a pode acreditar que está inscrito/a no censo electoral vivente (aínda que non figure nas listas do censo de que dispón a mesa), ou que figura con datos incorrectos.

Así, as certificacións censuais poden ser de dous tipos:

1. **De alta no censo:** refírense a cidadáns/ás que están inscritos/as no censo electoral pero que non figuran na lista certificada enviada á mesa.
2. **De corrección de erros materiais:** teñen por finalidade corrixir algún dos datos (nome ou apelidos, enderezo, data de nacemento, etc.) dos/das votantes que figuran na lista do censo enviada á mesa. Será válido tanto o orixinal da certificación como a recibida por fax a través do concello respectivo.

As certificacións censuais específicas e as sentenzas xudiciais débense ter en conta na lista numerada de votantes para despois computalas debidamente nas actas de escrutinio e de sesión, e deberán quedar en poder da mesa para incorporalas ao sobre nº 1 de documentación electoral que debe preparar a mesa ao finalizar a xornada, de conformidade co que se sinala na epígrafe correspondente deste manual.

ELECCIONES ELECTORAIS	
<p>Delegación Provincial de</p> <p>Certificación censual específica Certificación censual específica DE ALTA</p> <p>Partido:</p>	
<p>Número N° / Inscripción N°</p> <p>El número / El número</p>	
<p>Número mesa: NÚMERO</p> <p>Fecha de inscripción (con hora y minutos)</p>	
<p>Nombre / Nombre</p> <p>Apellido / Apellido</p> <p>Sexo / Sexo</p> <p>Localidad / Localidad</p>	
<p>El/La Delegación Provincial de la Oficina del Censo Electoral Certifica:</p> <p>Que el/la elector/a que se desea inscribir, está inscrito/a en el censo electoral vigente de esta circunscripción, según se indica en el padrón electoral de esta Delegación Provincial. CAMBIANDO LOS REQUISITOS COMPLETOS EN EL SUPLENTE CERTIFICADO DE LA SECRETARÍA DE LA MESA ELECTORAL.</p> <p>POR ESTE INTERMEDIANTE CUMPLE CON LOS REQUISITOS DE LA LEY ELECTORAL DE GALICIA.</p> <p>Tiene que cumplir, a efectos de que pueda ejercer el derecho de sufragio en la Mesa Indica, en este lo presente, según lo prescribe el artículo 65 de la Ley Orgánica del Régimen Electoral Básico.</p> <p>El/la que solicita el cambio de datos personales deberá de haberse en mesa indiciada, exhibiendo a presencia de los/as presentes en el/los N.º del Censo de esta Delegación Provincial.</p> <p>El/La Delegación Provincial</p>	
<p>NOTA: Esta certificación debe ser solicitada por el/la interesado/a en el momento de la inscripción en la mesa electoral. La inscripción en el censo electoral debe ser en el momento de la inscripción en la mesa electoral. Este documento es válido para el cambio de datos personales en el censo electoral de esta Delegación Provincial.</p>	

MODELO DE CERTIFICACIÓN  
DE ALTA EN EL CENSO

ELECCIONES ELECTORAIS	
<p>Delegación Provincial de</p> <p>Certificación censual específica Certificación censual específica DE CORRECCIÓN DE ERRORES</p> <p>Partido:</p>	
<p>Número N° / Inscripción N°</p> <p>El número / El número</p>	
<p>Número mesa: NÚMERO</p> <p>Fecha de inscripción (con hora y minutos)</p>	
<p>Nombre / Nombre</p> <p>Apellido / Apellido</p> <p>Sexo / Sexo</p> <p>Localidad / Localidad</p>	
<p>El/La Delegación Provincial de la Oficina del Censo Electoral Certifica:</p> <p>Que el/la elector/a que se desea inscribir, está inscrito/a en el censo electoral vigente de esta circunscripción, según se indica en el padrón electoral de esta Delegación Provincial. CAMBIANDO LOS REQUISITOS COMPLETOS EN EL SUPLENTE CERTIFICADO DE LA SECRETARÍA DE LA MESA ELECTORAL. POR FAVOR, PARA ERRORES MATERIALES, EN LA LISTA DE MESA CON LOS REQUISITOS COMPLETOS. POR FAVOR, PARA ERRORES MATERIALES, EN LA LISTA DE MESA CON REQUISITOS COMPLETOS.</p> <p>APPELLIDO / APELLIDO</p> <p>NOMBRE / NOMBRE</p> <p>FECHA DE NACIMIENTO / FECHA DE NACIMIENTO</p> <p>SEXO / SEXO</p> <p>El/La Delegación Provincial</p>	
<p>NOTA: Esta certificación debe ser solicitada por el/la interesado/a en el momento de la inscripción en la mesa electoral. La inscripción en el censo electoral debe ser en el momento de la inscripción en la mesa electoral. Este documento es válido para el cambio de datos personales en el censo electoral de esta Delegación Provincial. Este documento es válido para el cambio de datos personales en el censo electoral de esta Delegación Provincial.</p>	

MODELO DE CERTIFICACIÓN  
CORRECCIÓN DE ERRORES

As certificacións censuais específicas **NON SE DEBEN CONFUNDIR COAS TARXETAS CENSAIS** que para efectos de información remite a Oficina do Censo Electoral a todos/ as os/as electores/as.

**OFICINA DEL CENSO ELECTORAL**

Teléfono: (Teléfono): 901 100 900

(En las listas electorales que se utilizan en las próximas Elecciones figura VI, inscriba en las listas electorales que se utilizan sus viviendas Elecciones figura VII, inscriba en:

Municipio: \_\_\_\_\_  
 Concello: \_\_\_\_\_  
 Distrito: \_\_\_\_\_ Sección: \_\_\_\_\_ Sexo: \_\_\_\_\_  
 Local electoral: \_\_\_\_\_  
 Local electoral: \_\_\_\_\_

Caras generales de su inscripción:  
 Caras personas de sus inscripciones:

Fecha de nacimiento: \_\_\_\_\_ D.M.I.: \_\_\_\_\_  
 Data de nacemento: \_\_\_\_\_ D.N.I.: \_\_\_\_\_

Delegado Provincial \_\_\_\_\_

**TARXETA CENSUAL**

En cumplimiento del artículo 16.3 de la Ley Orgánica 1/1985 del Régimen Electoral General, se le emite esta tarjeta censal con los datos actualizados de su inscripción en el censo electoral vigente.

En su caso se otorga 15 días de la Ley Orgánica 1/1985, de Régimen Electoral Xeral, emitiéndose esta tarjeta censal cos datos actualizados de su inscripción no censo electoral vigente.

Esta tarjeta debe contener puntualmente información.

Este servicio le será de carácter puramente informativo.

Se ruega: por favor, indique con una X el caso de la devoción:

Si cambia por favor, indíquenos la causa de devoción:

Religioso  1  
 Político  2  
 Desconocido  3  
 No inscrito sin lugar a dudas  4  
 Inscrito por otros motivos  5  
 Situación indefinida  6  
 Inscripción no actualizada  7  
 Otros causas  8  
 Datos incorrectos  9

TARXETA CENSUAL

Estas tarjetas censuais:

- **NON SERVEN PARA IDENTIFICAR** os/as electores/as.
- **NON LLES PERMITEN VOTAR** aos/ás electores/as que non figuren no censo da mesa nin presenten certificación censual específica. **As certificacións censuais específicas NON SE DEBEN CONFUNDIR** tampouco co **certificado de inscripción no censo** que se inclúe na documentación do voto por correo.

**OFICINA DEL CENSO ELECTORAL**

**ELECCIONES ELECCIONES**

RELACIONES PROVINCIAS DE

Nombre: \_\_\_\_\_ CERTIFICACION \_\_\_\_\_  
 Fecha: \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ DELEGACION: \_\_\_\_\_  
 CANTON: \_\_\_\_\_ DELEGACION: \_\_\_\_\_  
 MUNICIPIO: \_\_\_\_\_ DELEGACION: \_\_\_\_\_

Fecha de inscripción censal: \_\_\_\_\_ Data de inscrición censal: \_\_\_\_\_  
 Estado: \_\_\_\_\_

D. D. P. DELEGADO/A PROVINCIAL DE LA OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

CERTIFICACION:  
 Que el/la elector/a cuyos datos y datos de documentación personal se detallan, se encuentra inscrito/a en el CENSO electoral de Galicia que tendrá su efecto en el día 17 de mayo de las Elecciones 1985 del Régimen Electoral Xeral, según la presente certificación, a los datos electores de que se puede servir el siguiente por correo.

CERTIFICACION:  
 Que se declara de que se otorga o devoción o inscrición personal se detallan, se declara inscrito/a en el CENSO no censo electoral que tendrá su efecto en el día 17 de mayo de las Elecciones 1985 del Régimen Electoral Xeral, según la presente certificación a los datos de que se puede servir el siguiente por correo.

EL/LA DELEGADO/A PROVINCIAL \_\_\_\_\_

EL/LA PRESIDENTE/A DE LA MESA ELECTORAL \_\_\_\_\_  
 EL/LA PRESIDENTE/A DE LA MESA ELECTORAL \_\_\_\_\_

**OFICINA DEL CENSO ELECTORAL**

**REFERENDUM REFERENDUM**

RELACIONES PROVINCIAS DE

Nombre: \_\_\_\_\_ CERTIFICACION \_\_\_\_\_  
 Fecha: \_\_\_\_\_

PROVINCIA: \_\_\_\_\_ DELEGACION: \_\_\_\_\_  
 CANTON: \_\_\_\_\_ DELEGACION: \_\_\_\_\_  
 MUNICIPIO: \_\_\_\_\_ DELEGACION: \_\_\_\_\_

Fecha de inscripción censal: \_\_\_\_\_ Data de inscrición censal: \_\_\_\_\_  
 Estado: \_\_\_\_\_

D. D. P. DELEGADO/A PROVINCIAL DE LA OFICINA DEL CENSO ELECTORAL

CERTIFICACION:  
 Que el/la elector/a cuyos datos y datos de documentación personal se detallan, se encuentra inscrito/a en el CENSO electoral de Galicia que tendrá su efecto en el día 17 de mayo de las Elecciones 1985 del Régimen Electoral Xeral, según la presente certificación, a los datos electores de que se puede servir el siguiente por correo.

CERTIFICACION:  
 Que se declara de que se otorga o devoción o inscrición personal se detallan, se declara inscrito/a en el CENSO no censo electoral que tendrá su efecto en el día 17 de mayo de las Elecciones 1985 del Régimen Electoral Xeral, según la presente certificación a los datos de que se puede servir el siguiente por correo.

EL/LA DELEGADO/A PROVINCIAL \_\_\_\_\_

EL/LA PRESIDENTE/A DE LA MESA ELECTORAL \_\_\_\_\_  
 EL/LA PRESIDENTE/A DE LA MESA ELECTORAL \_\_\_\_\_

MODELO DE CERTIFICADO DE INSCRIPCIÓN NO CENSO

### ADEMAIS, DÉBESE TER EN CONTA:

**NON PODEN VOTAR PERSOALMENTE NA MESA**, aínda que estean incluídos/as no censo desta:

- **As persoas que solicitasen emitir o voto por correo**, xa desde España xa se trate dos/das españois/españolas que se encontran temporalmente no estranxeiro e solicitaron votar de acordo co procedemento previsto no real decreto que regula un procedemento de votación para os/as cidadáns/ás españois/españolas que se encontran temporalmente no estranxeiro. (Unha letra “C” aparecerá ao lado do seu nome na lista do censo ou o/a elector/a estará incluído nunha “relación de electores/as da mesa que solicitaron o voto por correo”, que figura como apéndice á lista do censo).
- **Os/As interventores/as acreditados/as ante unha mesa correspondente a outra circunscrición** (entre a documentación electoral figurará unha copia da súa acreditación ante a outra mesa). Neste suposto, deberán ter exercido o seu dereito de voto por correo destinado á mesa en que se encontren inscritos no censo.

**NON PODEN VOTAR PERSOALMENTE NA MESA**, ao non estaren incluídos/as no censo desta:

- **Os/As interventores/as acreditados/as ante a mesa pero inscritos no censo doutra circunscrición** (entre a documentación electoral figurará unha copia da súa acreditación ante a outra mesa). Neste suposto, deberán ter exercido o seu dereito ao voto por correo destinado á mesa en que se encontren inscritos no censo.

**PODEN VOTAR NA MESA**, aínda que non estean incluídos/as no censo desta:

- **Os/As interventores/as acreditados/as ante a mesa, sempre que estean inscritos na circunscrición correspondente a esa mesa e non exercesen o voto por correo** na mesa en cuxo censo están inscritos.

5) RECIBIR O SOBRE DE VOTACIÓN. O voto é secreto e ten carácter persoal e intransferible. O/a elector/a entregará pola súa propia man ao/á presidente/a o sobre pechado.

Os/As electores/as que non saiban ler ou que, por discapacidade, non poidan elixir a papeleta, colocala dentro do sobre ou entregala ao/á presidente/a da mesa, poden pedir axuda dunha persoa da súa confianza.

6) INTRODUCIR O SOBRE NA URNA. A seguir, o/a presidente/a fará o seguinte:

- a) Non debe ocultar en ningún momento o sobre á vista do público.
- b) Dirá en voz alta o nome do/da elector/a e engadirá “**Vota**”.
- c) Entregaralle o sobre ao/á elector/a, quen o depositará na urna.



**Lembre que antes de introducir o sobre** na urna debe comprobarse a identidade do/da elector/a e a súa inscrición no censo.

O sobre de votación debe ser introducido na urna polo/pola elector/a.

#### 7) ANOTAR O/A ELECTOR/A NA LISTA NUMERADA DE VOTANTES.

- a) Os/As vogais e, de ser o caso, os/as interventores/as que o desexen anotarán na lista numerada de votantes o nome e os apelidos dos/das electores/as pola orde en que emitisen o seu voto.
- b) Ademais, indicarán o número con que figuran na lista do censo electoral ou, se é o caso, que presentaron unha certificación censual específica de alta ou unha sentenza xudicial.

O/A elector/a ten dereito a examinar se foron ben anotados o seu nome e os apelidos na lista numerada de votantes.

**Lembre:** los/as electores só poden formular reclamacións derivadas da existencia de dúbidas sobre a identidade doutro/a elector/a ou relativas á negativa da mesa electoral a acreditar o seu exercicio do dereito de voto.

A presidencia non debe admitir ningún tipo de consulta, salvo as que deriven do exercicio persoal do dereito de voto e as que proveñan dos/das interventores/as ou apoderados/as das candidaturas. As persoas electoras poden, de ser o caso, presentar as súas consultas ante a Xunta Electoral de Zona.

Se o/a elector/a insiste ante a mesa na súa reclamación ou en que se acepte a súa consulta, a Presidencia, tras convidalo/a a depor a súa actitude, pode requirir o apoio dos axentes da autoridade para que abandone o local electoral.

**VOTACIÓN DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE VISUAL COÑECEDORAS DO SISTEMA BRAILLE** que utilicen o procedemento de voto accesible establecido regulamentariamente.

**O/A presidente/a da mesa electoral ou, se é o caso, algún dos/das vogais entregará ao/á elector/a con discapacidade visual, que comunicase a súa intención de utilizar o procedemento de votación previsto no real decreto que regula un procedemento de voto accesible, a documentación que integra este procedemento de votación, logo de comprobar, mediante a exhibición do DNI, a súa inclusión na lista das persoas que comunicaron a intención de utilizar ese procedemento, lista que consta en poder da mesa electoral.**

Na documentación entregada, o/a elector/a encontrará unhas instrucións explicativas sobre a súa utilización, impresas en sistema braille.

**Así mesmo, o/a presidente/a da mesa electoral ou, se é o caso, algún dos/das vogais, indicarlle e facilitaralle o acceso ao espazo do colexio electoral habili-**

tado para o manexo da documentación entregada. Porén, estas persoas poden, se o desexan, levar o maletín fóra do local electoral e regresar máis tarde á Mesa para emitir o seu voto.

Unha vez seleccionada a súa opción de voto, seguirase o mesmo procedemento de votación descrito para a totalidade dos/das electores/as.

Ademais do procedemento de voto accesible que lles facilita **ás persoas con discapacidade** visual o exercicio do dereito de sufraxio, estas persoas poden seguir acudindo á posibilidade da asistencia dunha persoa da súa confianza para poder exercer o seu dereito de voto.

Despois da votación, é recomendable que o votante leve consigo a documentación que utilízase, co fin de asegurar o segredo do voto emitido.

As persoas que forman parte das mesas electorais velarán por que as persoas con discapacidade poidan exercer o seu dereito de voto coa maior autonomía posible e para iso adoptarán os axustes razoables que resulten necesarios.

As mesas electorais deberán admitir o voto de calquera persoa que se encontre inscrita no censo electoral correspondente á dita mesa. As persoas con algunha discapacidade poderanse valer de alguén que as acompañe ou dalgún medio material para trasladar os sobres electorais ás persoas que integran a mesa electoral.

No suposto de que algunha persoa que integra unha mesa electoral ou algún/algunha dos/as interventores/as ou apoderados/as adscritos/as a esa mesa considere que o voto non é exercido de forma consciente, libre e voluntaria, poderao facer constar na acta da sesión, pero non impedirá que o dito voto sexa introducido na urna. Nesa manifestación de constancia, a acta identificará o elector unicamente polo número do seu documento nacional de identidade ou, de ser o caso, polo documento identificativo que achegue (Instrución XEC 7/2019).

#### RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA AS PERSOAS QUE INTEGRAN AS MESAS ELECTORAIS.

Como integrante dunha mesa electoral teña en conta que as persoas con discapacidade son autónomas e independentes e como tales deben ser tratadas.

Actúe con naturalidade e respecto. Non debe presupoñerse que unha persoa, polo mero feito de ter unha discapacidade, necesita axuda. Se a contorna é accesible, as persoas con discapacidade adóitanse manexar sen dificultade.

Guíese en todo caso polo sentido común e polo principio de igualdade e non discriminación.

Pregunte se é necesaria a súa axuda só se o elector ou a electora con discapacidade parece necesitala. E se esa persoa acéptaa, antes de actuar, pregúntelle de que modo concreto pode vostede axudarlle.

A petición dos electores e as electoras con discapacidade, só cando o soliciten, na entrada ao local electoral, o representante da Administración ou as Forzas e Corpos de Seguridade poderán acompañarlles no itinerario ata a Mesa electoral correspondente.

En relación coas persoas xordas ou con discapacidade auditiva, non todas son iguais á hora de comunicarse: hai quen emprega a lingua de signos e quen se comunica en lingua oral con distintos graos de competencia. En calquera caso, é recomendable asegurar o contacto visual en todo momento, falar de fronte, non mover a cabeza; evitar falarlles cando esteamos de costas, agachados ou escribindo, non gritar, vocalizar de forma normal, é dicir, falarlles co ritmo axeitado (nin moi rápido nin moi amodo) de calquera conversación sen ter obxectos na boca, nin obstaculizando a visión clara do rostro e, se é necesario, pode axudarse da escritura, de xestos naturais ou chamar a atención cun lixeiro contacto no brazo. Escribir con papel ou usar aplicacións gratuítas de voz a texto escrito e viceversa (por exemplo, transcripción instantánea de Google) poden axudar na comunicación.

Se a persoa xorda que forma parte da mesa electoral vai acompañada de intérprete de lingua de signos, hai que dirixirse sempre cara á persoa xorda, non á intérprete. Este/a profesional só interpreta a información da lingua oral e escrita e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas e a contorna

É importante ter en conta ás persoas xordocegas que poden presentar necesidades de comunicación e de acompañamento específicas.

Se se trata dunha persoa con discapacidade visual, pódesele ofrecer que se suxeite ao noso brazo. Neste caso, adaptaremos o noso paso ao da persoa con discapacidade visual e tendo en conta as características do medio polo que nos despracemos, para que camiñe comodamente.

Os cans-guía, e os cans de asistencia para persoas con discapacidade, serán sempre admitidos, non poderán ser separados da persoa que os necesita e non serán molestados, nin distraídos.

Discapacidade intelectual e/o trastorno do espectro do autismo, falar directamente, e de forma clara e sinxela, coa persoa con discapacidade, non á súa persoa de apoio. Non é necesario levantar a voz ou gritar para unha mellor comprensión, simplemente repetir a información, segmentada ou en forma de instrucións unha a unha, no caso de que a persoa non a entenda.

E, en calquera caso, verifique que a persoa con discapacidade comprendeu o que trata de comunicarlle.

*As Mesas electorais deberán admitir o voto de calquera persoa que se atope rexistrada no censo electoral correspondente á devandita Mesa. As persoas con algunha discapacidade poderán valerse de alguén que lles acompañe, ou dalgún medio material para trasladar os sobres electorais aos membros da Mesa electoral.*

*No caso de que algún membro dunha Mesa electoral ou algún dos interventores ou apoderados adscritos a esa Mesa considere que o voto non é exercido de forma consciente, libre e voluntaria, poderao facer constar na acta da sesión, pero non impedirá que o devandito voto sexa introducido na urna. Nesa manifestación de constancia, a acta identificará o elector unicamente polo número do seu Documento Nacional de Identidade ou, no seu caso, polo documento identificativo que achega. (Instrución da Xunta Electoral Central 7/2019).*

## 20:00 HORAS DA TARDE



1. Peche da votación
2. Voto das persoas que integran a mesa e dos/das interventores/as
3. Sinatura da lista numerada de votantes

### 1. Peche da votación

As 20:00 horas, o/a presidente/a anunciará en voz alta que vai concluír a votación.

Se a votación se tivese interrompido nalgún momento por falta de papeletas dalgunha candidatura, o horario de votación débese prorrogar durante tanto tempo como tivese durado a interrupción.

Se logo de se anunciar o final da votación quedasen no local electoral ou no acceso a este electores/as que aínda non votasen, o/a presidente/a deixaralles votar e non permitirá que vote ninguén máis.

Acto seguido, o/a presidente/a da mesa introducirá na urna respectiva os sobres de votación que conteñan as PAPELETAS DE VOTO REMITIDAS POR CORREO:

A mesa poderá recibir por correo os seguintes votos:

- Voto dos/das electores/as que decidiron votar por correo desde España.
- Voto dos/das electores/as temporalmente no estranxeiro.

Débense seguir os seguintes pasos, SEN ESQUECER QUE O SOBRE QUE CONTÉN A PAPELETA DO VOTO NON SE DEBE ABRIR.

- 1º Abrir de un en un os sobres remitidos ao/a presidente/a da mesa e comprobar que conteñen o certificado de inscrición no censo e o sobre de votación.

Se falta o certificado de inscrición no censo, débese destruír o sobre e toda a documentación que contén xa que non se pode considerar como voto válido, nulo ou en branco.

Se no sobre remitido ao/a presidente/a da mesa encontra unha "solicitud de reintegro de gastos", deberá introducila no sobre nº 1 de documentación electoral que se preparará ao finalizar o escrutinio.

- 2º Comprobar que o/a votante está inscrito no censo da mesa.
- 3º Introducir na urna correspondente cada sobre de votación.
- 4º Anotar o/a votante na lista numerada de votantes. Os vogais serán os encargados desta anotación.

### 2. Voto das persoas que integran a mesa e dos/das interventores/as

A seguir, procédese ao voto dos/das integrantes da mesa e dos/das interventores/as que teñan dereito a votar.

Na lista numerada de votantes débese indicar a sección e a mesa en que estean inscritos os/as interventores/as que non figuren no censo da mesa.

**Lembre que** esta anotación resulta necesaria para poder cubrir debidamente a acta de sesión.

### 3. Sinatura da lista numerada de votantes

Unha vez finalizadas estas operacións, os/as vogais e os/as interventores/as asinarán a lista numerada de votantes.

A sinatura débese pór nos seguintes lugares da lista:

- Na marxe de cada unha das follas e tamén
- Inmediatamente debaixo do último nome escrito.

## **TERCEIRA FASE: ESCRUTINIO**

Rematada a votación, procederá de forma inmediata e sen interrupcións a escrutar os votos.

**O escrutinio é público e non se suspenderá ata que non se contasen todos os votos.**

As persoas que asisten ao escrutinio como público non poden formular reclamación ou protesta no curso deste.

O/a presidente/a da mesa ordenará a expulsión inmediata das persoas que entorpezan ou alteren o desenvolvemento do escrutinio.

### 1. Escrutar as papeletas

O ESCRUTINIO DE RESULTADOS DÉBESE FACER DO SEGUINTE XEITO:

1. **Logo de abrir a urna, o/a presidente/a sacará, un a un, os sobres da urna; abríraos e lerá en voz alta o nome da candidatura votada.**
2. **Os sobres abertos conservaranse** para posteriormente comprobar que o seu número coincide co de votantes anotados na lista numerada de votantes.

Ao examinar os sobres e as papeletas, ademais de votos válidos a candidaturas, **poderán atopar casos de:**

- Votos en branco.
- Votos nulos.

Estas dúas categorías deben terse en conta para efectos do recuento e da determinación do resultado da votación.

Son **VOTOS EN BRANCO**:

- Os sobres que non conteñan papeletas.
- O voto a favor dunha candidatura legalmente retirada.

Son **VOTOS NULOS**:

- Os que se emiten en sobres ou papeletas diferentes do modelo oficial.
- As papeletas sen sobre.
- Os sobres que conteñan máis dunha papeleta de distintas candidaturas (**de se incluíren varias papeletas da mesma candidatura, cóntase como un único voto válido**).
- Os que se emiten en sobres alterados.
- Os emitidos en papeletas nas cales se modificasen, engadisen ou riscasen nomes de candidatos/as comprendidos nelas ou se alterase a súa orde de colocación, así como naquelas en que se introducise calquera lenda ou expresión ou se producise calquera outra alteración de carácter voluntario ou intencionado.

**Lembre:** serán computados como válidos aqueles votos emitidos en papeletas que conteñan un sinal, cruz ou aspa ao lado dalgunha das persoas que integran a candidatura, sempre que esas marcas non teñan transcendencia ou entidade suficiente para alterar a configuración da papeleta ou para manifestar algún reproche das persoas que integran a candidatura ou da formación política a que pertencen (Instrución da Xunta Electoral Central 1/2012, do 15 de marzo, e Sentenza do Tribunal Constitucional 123/2011, do 14 de xullo).

3. **O/A presidente/a da mesa amosará cada papeleta, unha vez lida, aos/ás vogais, interventores/as e apoderados/as.**

Se algún notario/a, candidato/a ou representante de candidatura, presente no acto de escrutinio, tivese dúbidas sobre o contido dunha papeleta, poderá pedila para o seu exame ante os integrantes da mesa.

4. **A mesa comprobará que o número de sobres coincide co de votantes anotados na correspondente columna da lista numerada de votantes.**
5. **O/A presidente/a da mesa preguntará se hai algunha protesta ou reclamación** que facer contra o escrutinio; de habela, a mesa resolverá por maioría dos seus integrantes.
6. **Destrución das papeletas de votación en presenza dos asistentes.**

Non obstante, **NON SE DEBEN DESTRUÍR** as seguintes papeletas:

- Aquelas ás cales se lles negase a validez (VOTOS NULOS).
- Aquelas que fosen **obxecto dalgunha reclamación**.

Coas papeletas que non se destrúan debe facerse o seguinte:

- As persoas que integran a mesa porán a súa sinatura nelas.
- Uniranse á acta de sesión (unha vez que se redacte, ao finalizar o escrutinio).
- Incluíranse na documentación electoral (no sobre nº 1), de conformidade co que se indica na epígrafe correspondente deste manual.

## 2. Anunciar o resultado da votación

O/A presidente/a anunciará en voz alta o resultado da votación, con indicación dos seguintes datos:

- Número de **electores/as censados/as** (os/as que figuren na lista certificada do censo electoral).
- Número de certificacións **censuais presentadas** (deben reflectirse por separado as certificacións de alta no censo e as certificacións de corrección de erros materiais) e de sentenzas, de ser o caso.
- Número de votantes (que figura na lista numerada que tivo que formar a mesa).
- Número de votos nulos.
- Número de votos en branco.
- Número de votos obtidos por cada candidatura.

## 3. Cubrir a acta de escrutinio

Logo de anunciar o resultado da votación, expedirse a acta de escrutinio, que conterá os datos anunciados polo/pola presidente/a.

Convén seguir as explicacións que contén a acta e ter en conta as instrucións contidas neste manual, entre elas as relativas á lista do censo electoral e ás certificacións censuais, que figuran na sección «Desenvolvemento da votación».

Para expedir a acta de escrutinio farase o seguinte:

**a) Cubrir e asinar a acta por quen preside a mesa, os/as dous/dúas vogais e os/as interventores/as das candidaturas. A seguir amósase o impreso que se cubrirá** (que debe estar entre a documentación da mesa)

**ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALICIA 2024**  
**ELECCIONES AL PARLAMENTO DE GALICIA 2024**

Provincia	Concello Municipality	Centro electoral Polling station	Sección	Mesa
-----------	--------------------------	-------------------------------------	---------	------

**ACTA DE ESCRUTINIO / ACTA DE ESCRUTINIO**

A s... horas do día... de... de 2024, se unha vez concluído o escrutinio, celebráronse os seguintes resultados:  
A s... horas do día... de... de 2024, e unha vez concluído o escrutinio, se obtiveron os seguintes resultados:

1. NÚM. DE ELECTORES/AAS REGISTRADOS/AAS LISTADOS/AAS ADMIS. 1. NÚM. DE ELECTORES/AAS REGISTRADOS/AAS LISTADOS/AAS ADMIS.	Al electores inscritos As Mesas que votaron Al electores inscritos As Mesas que votaron	NÚMERO DE VOTOS VÁLIDOS NÚMERO DE VOTOS VÁLIDOS
2. NÚM. DE CATEGORÍAS/AS CATEGORÍAS/AS PRESENTADAS/AAS NÚMERO DE CATEGORÍAS/AS CATEGORÍAS/AS PRESENTADAS/AAS	El interventores con su nombre As Mesas que votaron El interventores con su nombre As Mesas que votaron	NÚMERO DE VOTOS DE BIENOS NÚMERO DE VOTOS DE BIENOS
3. De ellas en blanco		
4. De ellas en blanco		
5. De ellas en blanco		
6. De ellas en blanco		

TOTAL ELECTORES/AAS REGISTRADOS/AAS LISTADOS/AAS ADMIS.  
TOTAL ELECTORES/AAS REGISTRADOS/AAS LISTADOS/AAS ADMIS.  
TOTAL ELECTORES/AAS REGISTRADOS/AAS LISTADOS/AAS ADMIS.

CATEGORÍA/AS CATEGORÍAS/AS PRESENTADAS/AAS CATEGORÍAS/AS CATEGORÍAS/AS PRESENTADAS/AAS	VOTOS OBTENIDOS VOTOS OBTENIDOS	
	En letra	En número
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		
10		
11		
12		
13		
14		
15		
16		
17		
18		
19		
20		
21		
22		
23		
24		
25		

Enténdese a presente Acta que, en proba de conformidade, asinan todos os asistentes.  
Se entiende la presente Acta que, en prueba de conformidad, firman todos los asistentes.

CANDIDATURAS	VOTOS OBTENIDOS VOTOS OBTENIDOS	
	En letra	En número
26		
27		
28		
29		
30		
31		
32		
33		
34		
35		
36		
37		
38		
39		
40		
41		
42		
43		
44		
45		
46		
47		
48		
49		
50		
51		
52		
53		
54		
55		
56		
57		
58		
59		
60		
61		
62		
63		
64		
65		

ACTA DE ESCRUTINIO

- b) Colocar o orixinal na entrada do local.
- c) Entregar copias ás seguintes persoas e pola seguinte orde:

- En primeiro lugar, ao representante da Administración. O representante designado pola Administración recollerá a acta de escrutinio da mesa co obxecto de que o Goberno autonómico poida facilitar información provisional sobre os resultados das eleccións.
- Logo, aos representantes de candidaturas, interventores/as, apoderados/as ou candidatos/as que o soliciten.

Só se debe entregar unha copia da acta por cada candidatura.

**4. Cubrir a acta da sesión**

Logo de finalizar o escrutinio e feito público o resultado, débese cubrir a acta da sesión do seguinte xeito:

- a) **Cubrir o seguinte impreso** (que debe estar entre a documentación da mesa):





## Fin das funcións da mesa

### CUARTA FASE: PREPARACIÓN E ENTREGA DA DOCUMENTACIÓN ELECTORAL

Rematadas as operacións anteriores, prepararase a documentación electoral, o cal require:

#### 1) DISTRIBUÍR A DOCUMENTACIÓN ELECTORAL EN TRES SOBRES

Estes sobres incluirán a seguinte documentación:

- A) **SOBRE NÚMERO 1:** no sobre número 1 debe incluírse **O EXPEDIENTE ELECTORAL**, que se compón dos seguintes documentos:
- Orixinal da acta de constitución da mesa.
  - Orixinal da acta da sesión e documentos a que esta faga referencia.
  - Lista numerada de votantes.
  - Papeletas nulas ou que fosen obxecto de reclamación.
  - Listas do censo electoral utilizadas.
  - Talóns (copias) das credenciais dos/das interventores/as, ou as propias credenciais, se non se recibiron os talóns.
  - Certificacións censuais e/ou sentenzas xudiciais que, de ser o caso, fosen presentadas.
  - Solicitudes de reintegro do voto por correo, se as houber.
- B) **SOBRES NÚMERO 2 e 3:** en cada un dos sobres incluíranse os seguintes documentos:
- Unha copia da acta de constitución da mesa.
  - Unha copia da acta da sesión.

#### 2) PECHAR OS SOBRES E ASINALOS

Unha vez pechados os sobres, o/a presidente/a, os vogais e interventores/as porán as súas sinaturas neles, de maneira que estas crucen as lapelas.

### 1. Entregar os sobres 1 e 2 no Xulgado de Primeira Instancia ou de Paz

- 1) **O/a presidente/a debe entregar os sobres número 1 e número 2 no Xulgado de Primeira Instancia ou de Paz en cuxa provincia estea a mesa.**

Un/unha vogal e os/as interventores/as que o desexen poderán acompañar o/a presidente/a.

As forzas e corpos de seguridade acompañarán e, se for preciso, facilitarán o desprazamento destas persoas.

- 2) O/a xuíz/a recibirá a documentación e asinará o correspondente recibo (que debe estar na documentación da mesa).

Logo de entregarlle os sobres número 1 e número 2 ao/á xuíz/a, finalizan as funcións das persoas que integran a mesa que acudiron ao xulgado.

## **2. Entregar o sobre número 3 ao/á empregado/a de Correos**

Un/unha dos/das vogais, polo menos, debe permanecer no local electoral ata que se efectúe a entrega do sobre número 3 ao empregado ou empregada do servizo de Correos, que asinará o correspondente recibo (que debe estar entre a documentación da mesa).

Unha vez entregado o sobre número 3 ao/á empregado/a de Correos, finalizan as funcións do/da vogal que permaneceu no local electoral.

## **ORDE PÚBLICA**

O/a presidente/a da mesa é responsable do cumprimento das normas de orde pública dentro do local electoral, mesmo nos arredores, durante a xornada electoral, para garantir a liberdade de voto dos/das electores/as e o cumprimento da lei.

### 1) FACULTADES DO/DA PRESIDENTE/A DA MESA

- O/A presidente/a da mesa ten, dentro do local electoral, a autoridade exclusiva con vistas ao estrito cumprimento das normas de mantemento da orde pública, co fin de asegurar a liberdade dos/das electores/as e o cumprimento da lei.
- Para estes efectos, pode solicitar a intervención das forzas e corpos de seguridade destinados a protexer os locais, os cales deben prestarlle ao/á presidente/a, dentro e fóra dos locais electorais, o auxilio que requira.

### 2) NORMAS DE ORDE PÚBLICA

- A entrada ao local electoral debe estar sempre libre e accesible para as persoas que teñen dereito a entrar nel.

Só teñen dereito a entrar nos locais electorais as seguintes persoas:

- Electores/as e persoas que deban prestarlles asistencia, se o precisan.
- Representantes das candidaturas.
- Candidatos/as.
- Apoderados/as e interventores/as.
- Notarios/as.
- Axentes da autoridade que o/a presidente/a requira.
- Persoas que integran as xuntas electorais.

- Xuíces/xuízas de instrución e os seus delegados/as.
- Representantes da Administración.
- Os medios de comunicación debidamente acreditados poden realizar algunha toma xeral do desenvolvemento da votación nos colexios electorais, sempre que –ao se tratar dun acontecemento público- a captación, de ser o caso, de imaxes de persoas determinadas apareza como simplemente accesoria, sen prexuízo de que queden exceptuadas desta regra as persoas que exerzan un cargo público ou unha profesión de notoriedade ou proxección pública en canto que a súa imaxe sexa captada durante un acto público ou en lugares abertos ao público. En todo caso, as entrevistas que eventualmente se lles soliciten aos electores deberán realizarse fóra dos colexios electorais (Acordo da Xunta Electoral Central do 15 de decembro de 2015).

Calquera outra persoa necesitará autorización do/da presidente/a para permanecer no local.

- Ninguén poderá entrar no local da sección electoral con armas nin instrumentos susceptibles de seren usados como tales, agás os axentes encargados de protexer o local cando sexan requiridos polo/pola presidente/a. O/a presidente/a ordenará a expulsión inmediata de quen incumpra esta norma.
- Non se poderán realizar actos de propaganda electoral nin no local electoral nin nos seus arredores. Os/as apoderados/as e interventores/as dos partidos políticos poden levar á vista emblemas e adhesivos, xa que estes non constitúen propaganda electoral.

En relación cos emblemas ou adhesivos que porten os interventores e apoderados, o Acordo da Xunta Electoral Central, do 15 de xuño de 2016, determina que «O artigo 93 da LOREX establece que nin nos locais electorais nin nos seus arredores se poderá realizar propaganda electoral de ningún xénero. A identificación discreta dos apoderados e interventores das formacións políticas constitúe unha excepción ao artigo 93 pero, nesa excepción, non cabe abeirar o dereito a que as formacións políticas deseñen un uniforme ou vestimenta específica para os seus apoderados ou interventores, dado o nesgo propagandístico que esa uniformidade colectiva comporta».

- No se poderán formar grupos susceptibles de entorpecer, de calquera xeito, o acceso aos locais.
- Non se admitirá a presenza nas proximidades de quen poida dificultar ou coaccionar o libre exercicio do dereito ao voto.

**O/A PRESIDENTE/A TOMARÁ AS MEDIDAS QUE CONSIDERE CONVENIENTES NO CASO DE NON SE CUMPIREM OS ASPECTOS ANTERIORES.**

### 3) ANOTACIÓN DE INCIDENCIAS NA ACTA DA SESIÓN

Faranse constar na acta da sesión os incidentes que afectasen a orde no local electoral, con indicación do nome e dos apelidos de quen os provocase.

## ANEXO I: XUNTAS ELECTORAIS E OFICINAS DO CENSO

JUNTAS ELECTORALES PROVINCIALES Y DE ZONA				
PROVINCIA DA CORUÑA	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DA CORUÑA	881 88 16 76		881 88 16 79	<a href="mailto:jepcoruna@gmail.com">jepcoruna@gmail.com</a>
<b>XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA</b>				
XEZ DA CORUÑA	881 88 17 51	981 18 21 93	881 88 17 51	<a href="mailto:xuntaelectoralzona.coruna@xunta.gal">xuntaelectoralzona.coruna@xunta.gal</a>
XEZ BETANZOS	881 88 14 99	981 88 14 21	881 88 14 30	<a href="mailto:xuntaeleczone.bet@xunta.gal">xuntaeleczone.bet@xunta.gal</a>
XEZ CARBALLO	881 881 196	881 881 186	881 881 182	<a href="mailto:xuntaelectoralcarballo@gmail.com">xuntaelectoralcarballo@gmail.com</a>
XEZ CORCUBIÓN	881 88 14 56	881 88 14 53	881 88 14 58	<a href="mailto:xuntaelectoralcorcubion@gmail.com">xuntaelectoralcorcubion@gmail.com</a>
XEZ FERROL	981 33 73 50	981 33 72 44	981 33 73 51	<a href="mailto:electoral.zona.ferrol@gmail.com">electoral.zona.ferrol@gmail.com</a>
XEZ NOIA	881 99 75 03	881 99 75 04	881 99 71 28	<a href="mailto:decanato.noia@xustiza.gal">decanato.noia@xustiza.gal</a>
XEZ SANTIAGO DE COMPOSTELA	881 99 71 28	881 99 71 29	881 99 71 48	<a href="mailto:xuntaelectoralzona.santiago@xunta.gal">xuntaelectoralzona.santiago@xunta.gal</a>
PROVINCIA DE LUGO	TELÉFONO		FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE LUGO	982 29 48 30	982 29 48 55	982 29 48 43	<a href="mailto:seccion1.ap.lugo@xustiza.gal">seccion1.ap.lugo@xustiza.gal</a>
<b>XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA</b>				
XEZ CHANTADA	982 88 93 35	982 88 93 36	982 88 93 41	<a href="mailto:decanato.chantada@xustiza.gal">decanato.chantada@xustiza.gal</a>
XEZ FONSAGRADA	982 88 94 83	982 88 94 79	982 88 94 82	<a href="mailto:mixto1.afonsagrada@xustiza.gal">mixto1.afonsagrada@xustiza.gal</a>
XEZ LUGO	982 29 47 83	982 29 47 84	982 29 47 27	<a href="mailto:xuntaelectoralzona.lugo@xunta.gal">xuntaelectoralzona.lugo@xunta.gal</a>
XEZ MONDOÑEDO	982 88 91 83	982 88 91 84	982 88 91 88	<a href="mailto:xuntaelectoralzona.mondonedo@xunta.gal">xuntaelectoralzona.mondonedo@xunta.gal</a>
XEZ MONFORTE DE LEMOS	982 88 93 66	982 88 93 69	982 88 93 77	<a href="mailto:decanato.monforte@xustiza.gal">decanato.monforte@xustiza.gal</a>
XEZ VILALBA	982 88 92 83	982 88 92 84	982 88 92 81	<a href="mailto:decanato.vilalba@xustiza.gal">decanato.vilalba@xustiza.gal</a>
PROVINCIA DE OURENSE	TELÉFONO		FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE OURENSE	988 68 70 57	988 68 70 59	988 68 70 55	<a href="mailto:xuntaelectoralprovincial.ourense@xunta.gal">xuntaelectoralprovincial.ourense@xunta.gal</a>
<b>XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA</b>				
XEZ BANDE	988 68 73 51	988 68 73 53	988 68 73 55	<a href="mailto:decanato.bande@xustiza.gal">decanato.bande@xustiza.gal</a>
XEZ DO BARCO DE VALDEORRAS	988 68 74 87	988 68 74 84	988 68 74 88	<a href="mailto:decanato.obarco@xustiza.gal">decanato.obarco@xustiza.gal</a>
XEZ DO CARBALLIÑO	988 68 75 19	988 68 75 08	988 68 75 00	<a href="mailto:decanato.ocarballino@xustiza.gal">decanato.ocarballino@xustiza.gal</a>
XEZ OURENSE	988 68 70 01	988 68 70 02	988 68 70 03	<a href="mailto:juntaelectoralzonaourense@gmail.com">juntaelectoralzonaourense@gmail.com</a>
XEZ DA POBRA DE TRIVES	988 687 361	988 687 362	988 68 73 66	<a href="mailto:mixto1.trives@xustiza.gal">mixto1.trives@xustiza.gal</a>
XEZ RIBADAVIA	988 68 75 52	988 68 75 53	988 68 75 59	<a href="mailto:mixto1.ribadavia@xunta.gal">mixto1.ribadavia@xunta.gal</a>
XEZ VERÍN	988 68 73 85	988 68 73 86	988 68 73 87	<a href="mailto:mixto2.verin@xustiza.gal">mixto2.verin@xustiza.gal</a>
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	TELÉFONO		FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
XUNTA ELECTORAL PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	986 80 51 78	986 80 39 66	986 80 39 60	<a href="mailto:xuntaelectoralprovincial.pontevedra@xunta.gal">xuntaelectoralprovincial.pontevedra@xunta.gal</a>
<b>XUNTAS ELECTORAIS DE ZONA</b>				
XEZ CAMBADOS	886 20 60 70	886 20 60 79	886 20 60 72	<a href="mailto:mixto4.cambados@xustiza.gal">mixto4.cambados@xustiza.gal</a>
XEZ DA ESTRADA	886 20 64 84	886 20 64 91	886 20 64 86	<a href="mailto:mixto1.aestrada@xustiza.gal">mixto1.aestrada@xustiza.gal</a>
XEZ LALÍN	886 20 62 34	886 20 62 33	886 20 62 82	<a href="mailto:mixto1.lalin@xustiza.gal">mixto1.lalin@xustiza.gal</a>
XEZ PONTEAREAS	886 21 82 24	886 21 82 09	886 21 84 21	<a href="mailto:decanato.ponteareas@xustiza.gal">decanato.ponteareas@xustiza.gal</a>
XEZ PONTEVEDRA	886 20 64 32	886 20 64 33	986 80 59 96	<a href="mailto:xuntaelectoralzona.pontevedra@xunta.gal">xuntaelectoralzona.pontevedra@xunta.gal</a>
XEZ TUI	886 21 82 57	886 21 82 37	886 21 82 41	<a href="mailto:mixto1.tui@xustiza.gal">mixto1.tui@xustiza.gal</a>
XEZ VIGO	886 21 84 21	886 21 84 22	886 21 84 20	<a href="mailto:xunta-electoral.vigo@xunta.gal">xunta-electoral.vigo@xunta.gal</a>
OFICINA DO CENSO ELECTORAL	TELÉFONO		FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO
DELEGACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	981 21 74 26	981 21 74 35	981 20 62 35	<a href="mailto:dp.oce.coruna@ine.es">dp.oce.coruna@ine.es</a>
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	982 28 46 00	982 28 46 00	982 24 68 72	<a href="mailto:dp-lugo@ine.es">dp-lugo@ine.es</a>
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE	988 21 18 69	988 21 18 69	988 21 09 89	<a href="mailto:dp-ourense@ine.es">dp-ourense@ine.es</a>
DELEGACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA	986 86 85 00	986 84 44 53	986 84 44 53	<a href="mailto:dp-pontevedra@ine.es">dp-pontevedra@ine.es</a>

## RESUMO CRONOLÓXICO DA XORNADA ELECTORAL

### Primeira fase: *constitución da mesa*

#### 8:00 DA MAÑÁ. *Constitución da mesa*

- Reunión do/da presidente/a, vogais e suplentes.
- Comprobación dos elementos necesarios para a votación.
- Admisión dos interventores das candidaturas.

#### 8:30 DA MAÑÁ. *Acta de constitución*

- Expedir a acta de constitución da mesa electoral.

### Segunda fase: *votación*

#### 9:00 DA MAÑÁ. *Votación*

- Apertura do local electoral.
- Votación.

#### 8:00 DA TARDE. *Final da votación*

- Anuncio do final da votación e peche do local electoral.
- Voto dos/das electores/as presentes no local electoral.
- Introdúcense nas urnas os sobres do voto por correo.
- Votan as persoas que integran a mesa e os/as interventores/as.

### Terceira fase: *escrutinio*

- Escrutinio dos votos.
- Expedición da acta de escrutinio.
- Expedición da acta da sesión.

## Cuarta fase: *preparación e entrega da documentación electoral*

### ► Sobre 1:

- Acta de constitución.
- Acta da sesión e documentos a que esta faga referencia.
- Lista numerada de votantes.
- Lista do censo electoral.
- Credenciais de interventores.
- Certificacións censuais e/ou sentenzas presentadas, se é o caso.
- Solicitudes de reintegro de gastos do voto por correo, se as houber.

### ► Sobre 2: copias de:

- Acta de constitución.
- Acta da sesión.

***Entregar os sobres 1 e 2 no Xulgado de Primeira Instancia ou de Paz.***

### ► Sobre 3: copias de:

- Acta de constitución.
- Acta da sesión.

***Entregar o sobre 3 ao/á empregado/a do servizo de Correos.***

